

[Algunhas claves da formación dos xornalistas para os novos tempos]

Xosé López García

A experiencia da formación de xornalistas durante os últimos vintecinco anos nos distintos ámbitos xeográficos e culturais debe achegarnos datos para un novo modelo que demandan tódolos sectores da Comunicación para o século XXI. Trátase dun conxunto de proxectos pouco homoxéneos, polo menos no que se refire a Europa, xa que cada país formou ós xornalistas de maneira diferente. A pesar do novo marco supranacional, a Unión Europea, aínda non se deron pasos para estudar aspectos xerais dun plan común para a preparación dos futuros comunicadores.

Referímonos a un proxecto que algunhas voces (investigadores, organizacións profesionais, sindicatos,...) xa reclamaron, aínda que con fins diferentes. Pero, á marxe da conveniencia ou non dun programa que contemple un marco xeral común para os países europeos, o certo é que a Comunicación esperta cada vez máis interese e as universidades reforzaron a súa atención a esta materia, ben coa creación de facultades ou con departamentos para explicar en distintos ámbitos das ciencias sociais o papel da comunicación na nova era.

Ninguén -ou case ninguén- dubida que as transformacións sociolóxicas e tecnolóxicas do último cuarto de século

1. Manuel Vigil y Vázquez analizou a evolución do ensino do xornalismo, especialmente na etapa que vai desde a Escola de <El Debate> ata as Facultades de Ciencias da Información, no seu libro <El periodismo enseñado>, publicado na editorial Mitre no ano 1987.

2. O catedrático de xornalismo Josep María Casasús estudou a tradición universitaria alemana dos estudos da prensa e as aportacións de Tobias Peucer, quen escribiu a primeira tese que se coñece sobre periódicos co título *De relationibus novellis*, no ano 1690, en Leipzig.

3. Francesca Rodríguez López estudou a situación dos estudos de xornalismo en Europa nun traballo publicado polo Centre d'Investigació de la Comunicació no ano 1994.

crearon un marco favorable para converter numerosos oficios en profesións especializadas, a maioría das cales encontraron un sitio na Universidade, necesitada de abrirse á sociedade e de estar máis en contacto coas tendencias dos movementos civís máis dinámicos. Isto é, polo menos, o que aconteceu no Estado español, que na década dos setenta levou á Universidade o xornalismo, ata ese momento nas escolas de ciclo medio -diplomaturas de tres anos-.

Con todo, a preocupación pola formación dos profesionais da información naceu no Estado español moito antes da creación das citadas escolas. Foi Fernando Araujo quen, en 1887, abriu en Salamanca un curso privado de xornalismo. Podemos consideralo, pois, un adelantado do seu tempo que mostrou interese por mellora-la preparación dos que escribían nesa época nos soportes impresos.

A pesar desta iniciativa citada, no Estado Español non houbo escola de xornalismo ata 1926. Naceu da man do diario católico *El Debate*¹, de Madrid, que promoveu cursos intensivos por medio do presbítero galego Manuel Graña, formado en Estados Unidos en cuestións xornalísticas. A partir dese momento a formación dos xornalistas atopou un novo camiño no noso ámbito.

O INTERESE POLA FORMACIÓN

Nos outros países europeos non hai constancia de moitas iniciativas para formar xornalistas. Sabemos, si, que en Alemaña, en 1690, Tobias Peucer², elaborou unha tese e impartira varias conferencias sobre a formación do xornalista. Este pioneiro da investigación académica sobre a comunicación non tivo moitos seguidores, polo que non se xeneralizou o interese da academia pola formación dos futuros profesionais da información.

A pesar da preocupación existente en Europa -especialmente en Alemaña- polo papel do xornalista, no século XVII non se consolidou un proxecto³ para leva-lo ensino do xornalismo á Universidade como titulación propia. Foi nos Estados Unidos de América onde aflorou este interese, a finais do século XIX, e que desembocou no século XX na creación dunha gran rede de universidades con estudos de comunicación.

En Europa, durante o século XX, pouco a pouco tamén foron aparecendo facultades de Ciencias da Comunicación ou departamentos de Comunicación, nuns casos para segui-lo modelo americano, que ofrece interesantes resultados, e noutros para establecer-las bases dun sistema propio. O certo é que hoxe, ás portas dun novo milenio, existe unha gran diversidade neste campo que inclúe tamén a preparación lonxe da Universidade. Non pode-

mos esquecer que en moitos países a formación dos profesionais aínda se fai nas escolas e nos medios de comunicación, da man de veteranos profesionais.

A pesar deste panorama, hoxe existe unha coincidencia xeral nos medios e na profesión: cada vez é máis necesaria a formación para os profesionais do xornalismo. É certo que aínda hai quen segue considerando o xornalismo un oficio. Pero non é menos certo que cada vez son máis os expertos que falan de profesión. E aumentan os que abogan pola formación na universidade e pola necesidade de investiga-los recunchos da comunicación.

Se analizamo-las tendencias dominantes, concluiremos que esta última vía ten cada vez máis forza. Tódolos datos apuntan que estamos diante dun modelo a seguir, porque aparece avalado polos resultados destes últimos anos. Quizá por iso, neste caso, debemos mostra-la satisfacción pola vía escollida no Estado español e, en concreto, na Universidade de Santiago de Compostela.

PROFUNDAS TRANSFORMACIÓNS

Mentres segue vivo o debate sobre a mellor opción para a formación dos xornalistas e dos comunicadores en xeral, aínda que cada vez cunha maior coincidencia sobre os criterios xerais, como dixemos, a sociedade sufriu importantes transformacións, que afectan de xeito especial ó hipersector da comunicación. Referímonos a un proceso que avanza a velocidade de vertixe e que, polo que parece, desembocará nun novo modelo de sociedade.

A informatización das redaccións e a incorporación da tecnoloxía dixital⁴ puxo de manifesto o inicio dunha nova era para os medios. Agora, coa converxencia das telecomunicacións, a informática e os contidos, xa ninguén dubida que estamos nun novo escenario onde os vellos paradigmas resultan ineficaces e onde os cidadáns parecen dispostos a esixir máis ós mediadores sociais.

Como primeira resposta ós novos desafíos, as facultades de comunicación tiveron que actualiza-los seus plans de estudio e fixérono dacordo coas demandas do mercado e coas esixencias dunha boa formación para vence-los retos actuais e futuros. Boa parte dos traballos de cambio dos plans de estudio baséronse en criterios de eficacia e de sintonía coas necesidades nesta industria, que precisa incorporar profesionais con novos perfís.

De feito, a maioría dos centros de formación de comunicadores do Estado español estreitaron relacións cos medios e aproximáronse á realidade do sector. Das máis de vintecinco facultades que

4 As características da sociedade interactiva centron numerosos debates nos últimos anos. De tódolos foros organizados no Estado español a comezos da década dos noventa, hai un, organizado en Cuencia pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo no ano 1993, que aportou interesantes estudos sobre a situación nese momento e as perspectivas de futuro. As ponencias publicáronse nun libro titulado *Apuntes de la sociedad interactiva*, que editou Fundesco no ano 1994.

funcionan a comezos do ano 2000, entre públicas e privadas, un número importante defende un modelo que ten como obxectivo unha formación de calidade e atende-las demandas da industria.

Un caso exemplar nesta liña témonolo na Facultade de Ciencias da Información de Santiago, nacida xa con esta formulación e cun proxecto logo desenvido na mesma dirección. O resultado foi o mantemento de asignaturas non específicas -socioloxía, filoloxía, historia, economía, ...-, pero, ó mesmo tempo, reforzouse a presenza de contidos específicos de comunicación, tanto teóricos como prácticos.

Esta aposta pola calidade segue estando presente no modelo da Facultade de Ciencias da Información de Santiago, que desde o primeiro momento buscou atende-los desafíos formulados pola emerxente sociedade da información. Foi este o motivo polo que o plano de estudos reforzou a presenza das materias específicas e incorporou asignaturas sobre novos soportes.

Debemos recordar que na definición do modelo de facultade tivéronse en conta dúas condicións básicas: a adaptación ó grado de desenvolvemento científico e técnico, e as demandas subxectivas e obxectivas xurdidas do contexto social ó que debe dirixi-la súa actuación prioritaria. A existencia dun centro de formación de comunicadores en Galicia concibiuse de xeito que fose capaz de garanti-la formación de profesionais, potencia-la pescuda e a reflexión sobre os problemas da comunicación e da cultura, e favorece-la reciclaxe permanente dos profesionais que teñen que se adaptar á esixencias dun sector en permanente evolución.

Un proxecto destas características, levado adiante en Santiago, redactouse a partir da proposta elaborada por unha comisión de expertos presidida polo catedrático da Universitat Autònoma de Barcelona, o galego Emili Prado, e da que formaba parte como coordinadora a tamén catedrática Margarita Ledo. Comezaba a década dos noventa e aproveitábanse as experiencias das facultades que ata entón funcionaban no Estado español, nos Estados Unidos de América e no ámbito da Unión Europea.

Tamén se tiñan en conta outras iniciativas. De feito, á experiencia no campo da formación das facultades con estudos de Comunicación, engadiuse un estudio dos resultados das iniciativas de másters promovidos por empresas de comunicación en colaboración con universidades públicas. A primeira destas escolas foi a de *El País*, creada en 1985 gracias á colaboración da Universidad Autónoma de Madrid e a sociedade PRISA, e logo puxéronse en marcha as do Grupo Correo e as do Grupo Voz. Tanto os resultados das facultades con licenciatura de Comunicación como os dos másters de universidades en colaboración con empresas do sector consolidaron unha experiencia enriquecedora da que debemos aproveita-los acertos e corrixi-los erros. Sobre todo, debemos valo-

rar positivamente a importancia concedida á Comunicación na Universidade e ós esforzos para mellora-la formación.

Como resultado destas iniciativas no ámbito da formación durante o século XX, podemos concluir que hoxe, ás portas dun novo milenio, hai unha coincidencia maioritaria arredor da necesidade de potencia-las titulacións específicas en Comunicación e no papel complementario dos másters, que deben atende-las novas demandas do mercado.

MEDIOS IMPRESOS E ELECTRÓNICOS

Non hai, pois, moitas dúbidas sobre o camiño a seguir nin sobre o modelo. Sabemos, ademais, que un proxecto axeitado para responder ás demandas dunha sociedade do coñecemento ten que basearse na calidade, na capacidade de actualización permanente, na innovación, na investigación aplicada ó desenvolvemento e na sintonía coa identidade do país para intervir nunha sociedade mundializada. Este plan constitúe a base a partir da que no futuro debemos innovar.

A formación dos comunicadores precisa hoxe, ó igual ca onte, dun programa que contemple o ensino da preceptiva xornalística, a análise e coñecemento da sociedade na que terán que traballar os comunicadores, e as claves para unha reflexión crítica e unha interpretación do que acontece nos ámbitos local e mundial. Os xornalistas necesitan agora unha boa formación na medida en que o seu traballo reviste maior complexidade, tanto polas novas ferramentas como polo público actual, máis esixente.

Pero a boa formación durante os estudos reglados para acadalo título de licenciado, que debe garantir unha universidade competitiva, xa non resulta suficiente. Hai que actualizar coñecementos constantemente. De aí a necesidade de que a Universidade dea unha resposta a esta demanda de formación continua con cursos estables que combinen teoría e práctica.

A evolución da industria do hipersector definiu novos perfíles nos últimos anos, como dixemos. Por iso, para preparar ben ós profesionais que ocuparán estes postos, a Universidade ten que programar cursos de postgrado e másters. Trátase dunha vía xa comenzaada con éxito que responde ben ás necesidades da empresa e ós profesionais, especialmente dos que teñen intereses na industria dos medios impresos ou dos electrónicos en rede. Como constatamos desde hai anos, na era da imaxe os produtos impresos redefinen o seu papel e mostran renovado dinamismo, todo o cal impulsa esta importante industria de contidos e obriga a atende-la formación de profesionais para este sector. A pesar das dificultades que afecta ós medios impresos, podemos dicir que, en xeral,

gozan de boa saúde. Outro tanto podemos afirmar dos medios electrónicos en rede, estes en fase de crecemento e de consolidación como vía de negocio.

INNOVACIÓNS NECESARIAS

Despois dos pasos adiante dados nos últimos vinte anos e ante a aparición de novos perfís profesionais, hai que pensar en seguir avanzando. O próximo cambio de século debemos aproveitalo para traballar nesta dirección xa iniciada nas universidades españolas e, en xeral, en Europa. Agora, a partir da experiencia acumulada, deberemos articular un programa de innovación na formación dos licenciados en comunicación que contemple os novos cometidos dos comunicadores. Para elaborar este plan resulta necesario trasladalo debate sobre a necesaria actualización periódica dos planos de estudio a tódolos ámbitos da Comunicación e da Universidade. E non só fomenta-la discusión. Tamén promover alternativas que adianten respostas ó que vai vir, porque só así estableceremos unhas liñas xerais sólidas deste programa de innovación en formación tanto para futuros licenciados como para os que traballan no hipersector. Se somos capaces de acercarnos ó que pasa no hipersector da comunicación e ás tendencias dos novos perfís profesionais, aseguraremos a viabilidade dese programa innovador que reclamamos para forma-los novos xornalistas que se precisarán na nova era que está a punto de comezar. Refiróme a uns comunicadores que precisarán unha boa formación xeral para entende-lo que pasa na sociedade e o seu funcionamento, así como unha boa formación especializada para traballar coas ferramentas actuais.

Os centros de formación de comunicadores que busquen a innovación e a calidade precisarán asentarse sobre programas capaces de preparar profesionais que saiban conta-las historias en tódolos soportes. É dicir, falamos dun novo tipo de profesional, especializado tematicamente e por soportes, pero cunha preparación que lle deberá permitir aproveita-lo seu coñecemento para responder á polivalencia que demanda a industria actual.

Desde as Facultades de Comunicación só hai que respensa-los proxectos académicos, tanto docentes como investigadores, polo camiño da innovación e da calidade, de tal xeito que garantan ó servizo á sociedade na que se asentán. Unha revisión destas características hai que facela tendo en conta que os complexos procesos de comunicación actuais non se poden interpretar completamente desde si mesmos sen unha situación nos ámbitos sociais e culturais que lles serven de contexto.

As industrias culturais demandan novos especialistas adestrados no uso dos ordenadores, con coñecementos acerca de cómo

xestiona-la información en distintos soportes e que saiban moverse no entorno de Internet (Rosa Franquet, 1999)⁵. Os datos de que hoxe dispoñemos indican que os cidadáns do vindeiro século precisarán mediadores que resolvan satisfactoriamente as súas necesidades de comunicación e información. Polo tanto, debemos empregar tódolos esforzos para que as novas ferramentas contribúan a facer bo xornalismo. E iso só o conseguiremos se desde as Facultades de Comunicación realizamos unha axeitada formación regrada e mantemos programas de formación continua para garanti-la actualización de coñecementos.

En consecuencia, hai que responder ós desafíos do novo escenario mediático e vence-los retos cunha formación de calidade, porque o que demandan os cidadáns e a industria nos tempos actuais son novos xornalistas que coñezan o funcionamento da sociedade e as claves de elaboración da información, independentemente do soporte no que se difundan as mensaxes e das ferramentas que se precisen empregar. O noso reto consiste, pois, en garantir que reciban esa formación que lles permita traballar coa mirada posta nas necesidades de información e comunicación que caracterizan á sociedade do coñecemento.

BIBLIOGRAFÍA

- DÍAZ NOSTY, Bernardo (1988): "La mejora de la práctica docent" e en *Comunicación periodística*. Universidad de Málaga, Málaga.
- GONZÁLEZ REIGOSA, Carlos (1997): *El periodista en su circunstancia*. Alianza Editorial, Madrid.
- HUMANES HUMANES, María Luisa (1997): *La formación del periodista en España*. Tesis doctoral. Universidad Complutense, Madrid.
- HUSSON, Didier/ROBERT, Olivr (1991): *Profession journaliste*. Eyrolles, París.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Francesca (1994): *L'ensenyament de Periodisme a Europa*. Centre d'Investigació de la Comunicació, Barcelona.
- TÚÑEZ, MIGUEL (1996): *Da teoría á práctica. Perfil do periodista galego*. Edicións Lea, Santiago de Compostela.
- VIGIL Y VÁZQUEZ, Manuel (1987): *El periodismo enseñado. De la Escuela de "El Debate" a Ciencias de la Información*. Editorial Mitre, Barcelona.
- V.V.A.A. (1993): *Apuntes de la sociedad interactiva*. Fundesco, Madrid.

5. Rosa Franquet defende, nun artigo que publicou na revista ZER, no último número de 1999, unha formación de calidade para os xornalistas que contemple o novo entorno de Internet.